

Resolución do 15 de xuño de 2007, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fan públicas as listas provisionais das axudas aprobadas e denegadas das prestacións de xubilación, fillos menores, estudos dos fillos e estudos do traballador do Fondo de Acción Social para o exercicio de 2006 para o persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia.

De conformidade co establecido no punto dous das normas xerais de procedemento do acordo subscrito en Santiago de Compostela o 15 de decembro de 2006 polos representantes da Administración autonómica e as organizacións sindicais CIG, CC.OO., UGT e CSI-CSIF representadas na Mesa Xeral de Negociación de funcionarios e no Comité Intercentros do persoal laboral, así como na Comisión de Concesión das Axudas de Acción Social, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 21 de decembro de 2006 e publicado por Resolución do 28 de decembro de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 4, do 5 de xaneiro de 2007), da Dirección Xeral de Relacións Laborais, deben publicarse as listas provisórias de admitidos e excluídos das axudas do Fondo de Acción Social para o exercicio de 2006, correspondentes a xubilación, fillos menores, estudos dos fillos e estudos do traballador.

De conformidade con isto, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas as listas provisórias das solicitudes aprobadas e denegadas das prestacións correspondentes ás axudas de xubilación, fillos menores, estudos dos fillos e estudos do traballador, do fondo de acción social do ano 2006, que están expostas no taboleiro de anuncios de todas as consellerías, nas delegacións provinciais e relativos ao seu persoal, así como na páxina web: www.xunta.es.

Segundo.-Contra estas listas os interesados poderán presentar reclamacións e, de ser o caso, documentos de reparación de faltas e erros no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no punto 2 da norma xeral de procedemento do acordo sobre criterios de repartición do fondo de acción social para o exercicio de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 4, do 5 de xaneiro de 2007), no rexistro xeral da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nas delegacións provinciais das distintas consellerías e nas oficinas de correos, segundo o establecido no artigo 38 da mencionada Lei 30/1992, do 26 de novembro, e dirixiranse a directora xeral da Función Pública da Consellería da Presidencia, Administra-

cións Públicas e Xustiza (edificio administrativo de San Caetano), Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2007.

María del Mar Rodríguez Fernández
Directora xeral da Función Pública

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Corrección de erros.-Orde do 15 de xuño de 2007 pola que se ditan as instrucións complementarias ás da Orde do 16 de xaneiro de 2007 sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2007.

Advertidos erros na citada orde, publicada no DOG nº 118, do 20 de xuño de 2007, deben facerse as seguintes correccións:

Na páxina 10.547, no parágrafo primeiro onde di «Lei 14/2007», debe dicir: «Lei 14/2006».

Na páxina 10.548, no parágrafo terceiro, onde di: «Lei 14/2007», debe dicir: «Lei 14/2006», e no anexo II, parágrafo primeiro, onde di: «Lei 14/2006», debe dicir: «Lei 14/2006».

Na páxina 10.549, no anexo II no punto 1 na columna de «Contía do compoñente xeral do compl. específico» «Xuño/Decembro» onde di: «190,11», debe dicir: «136,15»; onde di: «176,61», debe dicir: «126,48»; e onde di: «159,98», debe dicir: «114,57».

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 29 de maio de 2007 pola que se actualiza a oferta modular polo réxime de persoas adultas, en modalidade presencial, de ciclos formativos de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2007-2008.

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aprobou o Estatuto de autonomía de Galicia, e o Real